

Artistas galegas en Wom@rts

Mery Pais (Santiago de Compostela, 1990)

Graduada en Belas Artes polo Institut National Des Beaux Arts (INBA, Tetuán, Marrocos), mestrada en Arte Contemporánea pola Universidade de Vigo, e doutoranda en Estudos feministas e de xénero na Universidade Complutense de Madrid, esta artista multidisciplinar recibiu en 2015 o Primeiro Premio Auditorio de Galicia para Novos Artistas. Nas súas obras investiga a relación entre España e Marrocos dun modo artístico, por medio da súa experiencia vital. Os seus traballos reflicten, así, as súas preocupacións, serven de análise da alteridade e, a través de medios diversos como a vídeo-arte, a fotografía ou a instalación, abordan temas como a migración, a identidade cultural ou os prexuízos existentes entre ambos países. Nas súas obras, Pais, busca abrir unha vía á reflexión, crear intercambios de ideas, visibilizar relatos e persoas concretas e aproximarse aos elementos que achegan a ambas culturas.

Mery Pais tomará parte na residencia para Artistas dixitais emerxentes: novos medios, fotografía e vídeo que se desenvolverá en Avilés a partir do 10 de setembro.

Teresa Búa (Muxía, 1991)

Artista multidisciplinar, formouse en Belas Artes na Universidade de Vigo, ampliou a súa formación na Kingston University de Londres grazas a unha bolsa Erasmus e na Universidade Politécnica de Valencia grazas ao programa SICUE. Na actualidade, cursa o Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda na Universidade de Vigo e colabora como fotógrafa en medios impresos como *La Voz de Galicia*. Recibiu numerosos premios polo seu labor, o Primeiro Premio do XIII Concurso Fotográfico Xosé Manuel Eiris (2011), o Primeiro premio do XIII Certame de Artes Plásticas da Deputación de Ourense (2015) ou o Primeiro Premio no XXIV Certame de Deseñadores Noveis da XXVII Mostra do Encaixe de Camariñas (2017). Teresa Búa é autora dunha exposición individual titulada *Novos Horizontes*, realizada en Muxía e Fisterra entre 2011 e 2012 e participou en numerosas exposicións colectivas. Entre as máis recentes, destacan *42°18' de latitude e 08°37' de lonxitude*, no Sinsal Festival ou o X Premio Internacional de Arte Gráfica da Deputación da Coruña (ambas en 2017), a mostra *Tecido cru II*, exposta na Casa galega da cultura de Vigo e a Igrexa da USC Santiago de Compostela (entre 2016 e 2017) ou o proxecto *Parallaxes*, exhibido na Nolia's Gallery de Londres en 2012.

Teresa Búa tomará parte na residencia para Artistas dixitais emerxentes: novos medios, fotografía e vídeo que se desenvolverá en Avilés a partir do 10 de setembro.

Xulia Vicente (Cariño, 1993)

Ilustradora e autora de banda deseñada, tras rematar o bacharelato artístico na Coruña, trasládase a Valencia a cursar o grado de Belas Artes, que finaliza en 2015. Ese mesmo ano, publica a súa primeira novela gráfica, *Anna Dédalus: El misterio de la mansión quemada* (Andana Editorial), escrita polo tamén debuxante Miguel Anxo Giner Bou e que Xulia Vicente ilustra en colaboración con Núria Tamarit. Xuntas publican en 2016 o seu primeiro cómic *Duerme Pueblo* (Ediciones La Cúpula). A este, seguirán *Ari, Cazador de Dragones*, xunto a Miguel Gutiérrez (Sallybooks, 2016), *Llampuga, llampega*, en colaboración con Miquel Puig (Andana Editorial, 2017) e os volumes colectivos *Licor Café* (Demo Editorial, 2017) e *Voltio #3* (Ediciones La Cúpula, 2017). Vicente colabora asiduamente con diversas publicacións e fanzines como *Jot Down*, *Xiulit #35*, *Arrós Negre #5*, *Oiga Mire Mañana*, *Sacoponcho ou Nimio* e participou en numerosas exhibicións como a *Spirit of the Wind, a Ghibli tribute show* na Rothick Art Haus (California EUA, 2015), a *B-isual*, no Festival Cara-B (Barcelona, 2016), a mostra Il-lustre Anecdolari, organizada pola APIV (Associació de Professionals de la Il·lustració Valenciana) na Feira do Libro de Valencia en 2017 ou a exhibición *Hijas de Alice Guy*, no Festival de Cinema de Alcalá de Henares nese mesmo ano.

O seu traballo fíxoa merecedora de diversos premios entre os que se contan o Primeiro Premio no Certame de Banda Deseñada Benito Losada (Ourense, 2013) o Primeiro Premio no concurso de cómics de Benimaclet (Valencia, 2013) e o Primeiro Premio do Concurso de Banda Deseñada Xuventude Crea en 2014.

A artista tomará parte na residencia para Debuxantes de banda deseñada e ilustradoras que se desenvolverá na cidade de Angoulême a partir do 24 de setembro.

Haya Blanco (Santiago de Compostela, 1984)

Formada en Belas Artes na Universidade de Salamanca e na Universidade de Pontevedra, esta artista compostelá residiu en Berlín durante tres anos e traballou en GlogauAIR -Artistas en Residencia- grazas a unha bolsa Leonardo da Vinci, e en Cultura - Artistas en Residencia- cunha bolsa Erasmus para mozos emprendedores. Neste período comezou a escribir e ilustrar libros infantís. Voltou a Galiza en setembro de 2014 para centrarse no seu traballo pictórico e dende aquela reside en Santiago de Compostela. En decembro de 2016 montou o seu propio taller de estampación e creou a súa marca de moda sostible *Toupa Monstro*. Actualmente compaxina o Mestrado de Profesorado en Secundaria na Universidade de Vigo co seu traballo artístico. Ten participado en numerosas exposicións individuais e colectivas por toda Galicia e entre as súas publicacións dixitais destacan *Manchito* (2012) e *Mazapán* (2013), ambas dispoñibles na Apple Store.

Haya Blanco tomará parte na residencia para Artistas gravadoras e estampadoras que se desenvolverá na cidade irlandesa de Limerick do 15 ao 24 de outubro.

